



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES .

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 14.04.2021 ata o 16.12.2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.2, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

acometer melloras térmicas e de illamento na sede da Federación, que consistirán na eliminación de humidades estruturais a través da imprimación de pinturas específicas de impermeabilización, o que mellorará as condicións de traballo así como a adquisición de elementos específicos de prevención de riscos para proceder á sinalización do acceso nas instalacións.

Por outra banda a federación pretende optimizar a estrutura relativa ao sistema de comunicación online a fin de facilitar a realización de videoconferencias, para o cal adquirírase o equipamento informático e de comunicacións novo e axeitado ás novas





circunstancias de teletraballo, así como de ser o caso o mobiliario preciso para a súa correcta ubicación.

Que finalmente buscando a mellora da competitividade nas confrarías de pescadores preténdese acometer accións formativas e divulgativas dirixidas ás confrarías e aos seus membros consistentes en:

- Unha acción formativa dirixida tanto ao persoal das confrarías como aos seus asociados no que se pretende un acercamento ás novas técnicas de comunicación on line.
- Formación en primeiros auxilios dirixida tanto ao persoal como aos directivos das confrarías de pescadores de Galicia, no que se pretende dotar de coñecementos para saber reaccionar ante emerxencias no entorno laboral das confrarías de pescadores.
- Unha xornada na que se informe aos profesionais do mar como actuar e os pasos a seguir no caso de accidentes e enfermidades profesionais á hora da comunicación destes feitos ante o Instituto Social da Mariña.
- Elaboración dun manual básico de xestión de accidentes de traballo e enfermidades profesionais vinculado aos traballadores do mar e ao persoal que desenvolve as súas funcións nas confrarías de pescadores.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

